



BRASTER, S., SIMON, F. & GROSVENOR, I. (2013). *A History of Popular Education. Educating the People of the World*. New York: Routledge.

A obra recentemente publicada por parte da Editorial Routledge *A History of Popular Education. Educating the People of the World* (2013), constitúe unha reedición do número monográfico da revista *Paedagogica Historica* no que se tiña publicado unha selección de catorce traballos presentados no trixésimo primeiro Congreso da *International Standing Conference for the History of Education* (ISCHE) celebrado en Utrecht no mes de agosto do ano 2009, arredor da temática da educación popular.

A través das contribucións recollidas no libro explóranse os diversos modos nos que a “educación popular” foi teoricamente concibida e definida, partindo da súa pluralidade de significacións. Así, coa lectura podemos apreciar as transformacións e as continuidades que, en distintos lugares do

mundo e durante os últimos tres séculos, foron paulatinamente fraguándose arredor do asumido como “educación popular”. Tendo en conta que o coñecemento histórico se constrúe a través da linguaxe, é obrigado o exercicio crítico en relación coa significación das palabras, tanto no plano semántico como no pragmático; por este motivo, unha revisión conceptual desta índole faise necesaria ante calquera intención de caracterizar ou delimitar o campo de investigación da historia da educación popular.

Na introdución do libro, Sjaak Braster fai, precisamente, fincapé nesta variedade de significados e na evolución do concepto de “educación popular”, termo que, dende que a comezos do século XIX se interpretara como unha “educación para todos”, pasou logo a comprenderse como unha “educación para os grupos non privilexiados” no século XX, chegando a entenderse no decurso do mesmo como unha “educación para os oprimidos”. Alejandro Tiana entronca esta evolución conceptual e a diversidade de significacións coas diferentes liñas de investigación que foron desenvolvéndose dende a historia da educación popular a partir dos seus inicios a mediados do século XX, evidenciando así as confusións que adoitan darse en numerosos traballos que se formulan dende esta perspectiva e que empregan outras acepcións, tales como “educación de adultos”, “educación das mulleres” ou “educación social” entre outras.

Dende a contorna mexicana, Elsie Rockwell procede á comparativa de dous usos diferentes de “educación popular” que xurdiron, a raíz da Revolución Mexicana, no estado de Tlaxcala; afondando en ambos conceptos poden comprenderse os seus fundamentos de carácter político, que determinarán en certa medida as

posteriores aplicacións prácticas dos proxectos de educación popular. Os aportes de Ana Waleska e de Maria Celi céntranse na xénese do concepto de “educación pública”, en ocasións subsumido coa construción “educación popular”, mediante o seu emprego en estudos de historia da educación proxectados dende Brasil e dende Portugal, respectivamente.

O texto ofrecido por Rebekka Horlarcher ábrese con interrogantes sobre a asunción do método pestalozziano como “experimento” de educación popular: ata que punto os esforzos de Pestalozzi foron un intento de “ilustración popular”? Mediante as reflexións da autora poderemos atopar respostas a este interrogante. Doutra banda, as diferentes contribucións de Gijlswijk e de Christine Mayer céntranse na “educación dos nenos pobres”; no primeiro caso abórdase a cuestión como resposta á crise económica e social do goberno holandés ao longo do século XVIII e, no texto de Mayer, alúdese especificamente á cuestión de xénero e ás transformacións pedagóxicas acontecidas nas escolas para pobres en Hamburgo entre os anos 1788-1871. Tamén a achega de Paolo Bianchini atinxe aos séculos XVIII e XIX, pero neste caso atende ás reformas escolares no Reino de Cerdeña e ás influencias destas na educación popular e na evolución dos dereitos e deberes a ela vinculados.

As misións laicas portuguesas na África colonial (1917-1927) constitúen o tema abordado por Ana Isabel Madeira, que ofrece unha lectura da educación popular dende os ideais republicanos. Por outro lado, Amy Palmer, situándose na Inglaterra de mediados do século XX, e partindo da cuestión que plantea no título: “*garderías para uns poucos ou para a maioría?*”, reflexiona sobre os cambios sufridos na

concepción das garderías, das súas funcións e nas mudas acontecidas nas políticas estatais ao respecto. David M. Ment estuda no seu artigo, retomando as reflexións de Paul Monroe, o rol americano na educación no Oriente Medio entre as décadas de 1920 e 1940, analizando en que medida as ideas de Monroe puideron implementarse nos proxectos educativos alí desenvolvidos. Xa no décimo segundo capítulo da obra, Joseph Watras examina as actitudes cara a pobreza nos países en desenvolvemento dos educadores progresistas fundadores da NEF (*New Education Fellowship*) no ano 1921, participantes logo na creación da UNESCO. O traballo de Otero Urtaza detense na apreciación das Misións Pedagóxicas como retrato da educación popular na Segunda República española, dado que nesta idea insistira a ILE dende a súa creación, no 1876, de man de Francisco Giner. Continuando no contexto español, o libro pecha cun capítulo elaborado por Pozo Andrés e por Rabazas Romero que atende á denominada “educación suburbana” como modelo de educación popular desenvolvido nas escolas madrileñas suburbanas no tempo do franquismo.

Como pode apreciarse a través desta breve síntese, o conxunto das contribucións non presenta unha imaxe unitaria, nin tampouco pretende ofrecerse sen solución de continuidade, senón que brinda perspectivas, posibilidades, novos interrogantes e, sobre todo, unha revisión necesaria sobre o concepto “educación popular”, a súa xénese e a súa aplicación en perspectiva histórica, constituíndo un mosaico de referencia sobre esta temática.

Uxía BOLAÑO AMIGO
USC